

O pranto do demo.

Personaxes:

Demo

Voz

Sombras

Escena.

(Entra o Demo pola dereita, pandado, case parece querer bicar o chan cos seus beizos descarnados e brancos. A súa figura é alongada e tremebunda, as súas unllas xean o chan que sequera rozan, e son negras. Os ollos escuros do Demo seguen perdidos na superficie case etérea que está a pisar, coma querendo caer e perderse no esquecemento...).

DEMO – Deuses! Fados do sino! Morte! Todos na miña contra... aí, meu pobre demiño, ti que soamente querías probar o doce mel dos beizos da fortuna... Pérdeste! *(faise o silencio. A sala comeza a debuxarse tras el, unhas columnas altísimas, interminables, brancas, escuras fiestras que non deixan ver máis aló).* Demo perdido nas ondas do tempo...

VOZ – *(canta) Esquecido queda na súa tumba, lóbrega, e no ceo as glorias cantan, as loanzas soan, lentas... Só un chora, só un...*

DEMO- Quen vai?! Quen é que ousa pousar as súas infamias no meu corpo murcho, no meu peito xa ferido de morte... QUEN?!

VOZ – *(segue a cantar) O tempo desfaise nas negras cinsas que van caer ao seu corpo, despezado, aldraxado, caído.*

DEMO – Que cantas? Quen es? Que é o que queres de min? Fala, maldita, fálame agora na derradeira das miñas agonías, déixame ir ao leito coa verdade nos ollos e a tristura no peito. Demo! *(unha bágoa pétrea escorrega pola fazula, sen deterse, e cae, onde se estende e comeza a cubrir o chan).* Morre...

VOZ – *Os cisnes tinguidos de morte voan no solpor do mundo, mensaxeiros pobres do último clamor ...*

DEMO – Que me queres dicir, amiga? Falas de min? Falas do meu sino? Non digas tonterías querida, eu xa estou nas últimas... Sinto no meu ser a xeadá mordedura da dor, atravesándome coma unha espada, coma a verdade.

VOZ – *No seo da luz, no seu ventre, e das súas entrañas a rosa foi medrar...*

DEMO – Rosas... Rosas! Quen as ulise de novo... xa non queda nada delas no meu recordo... Xa nin o gusto me perdura nesta infame lingua ardente, só as endemoniadas mans que aquí ben ves poden responder ante min, pero xa é tarde para axusticialas. *(obsérvaas e dúas bágoas negras caen sobre os dedos corazón, enloitándoos, namentres que as unllas, afiadas e crueis, espertan na pobre luz da escena coma espíritos)*. Que me dis voz? Que queres de min? Dime, dime polo meu pai, que é o que queres? Que é o que andas a buscar en min? Dimo!

VOZ – *Aquel que chora queda.*

DEMO – Quen chora? Que dis? Toleo, anxos do mei pai, vinde levarme agora! *(Dobra o pescozo cara a atrás, facendo que todos os ósos se lle perfilen na pel. Os seus ollos quedan por un momento en branco)*. Que xa estou farto, farto de todo o sufrimento, de todas as ánimas que escorren e esvaran ao meu arredor agarrándome os ósos e facendo que sinta a Morte cada vez máis preto... Dádeme morte, dádema... *(vai quedando pouco a pouco en silencio, coma se a súa voz viñera dalgún lugar descoñecido)*.

(Aparecen unhas altas figuras de entre as columnas, cos brazos por diante, cos rostros cubertos en prata e carmín... non, é morte).

DEMO – E quen sodes vós? Videsme dar morte? Levarédesme co meu pai? Pai... Xa hai moito que esquecín o teu rostro... *(As Sombras permanecen en silencio, avanzando cara a el. O Demo dálles as costas, coa face tinguída da escuridade da súa dor)*. Vexo nos meus ollos baleiros, nas miñas cuncas, toda a dor que causei. Vexo ante min todas as desgrazas, as ánimas brancas que flotan cara ao ceo, as ánimas grises que cacei só para min, as ánimas que asasinei soamente polo meu divertimento. Vexo nas miñas mans o sangue da loita en van, as palabras do sino talladas nos meus ósos, e o pecado cravado na fronte. Si, fixen mal... pero non chorarei por min as bágoas que non merezo, por vil.

VOZ – *E a súa voz pronunciou palabras que ninguén pensara, desgastadas polo paso do tempo, vellas e poeirentas, perdidas entre os pesados tomos do mundo... O vivir e o morrer unidos polo lazo vermello dos ceos. A súa boca quedou muda, os seus ollos ...*

DEMO – Claro que quedou muda! Xa non puidera falar endexamais! Bruxa, márchate! Fóra da miña derradeira morada, vaite onde non poida eu escoitar máis a túa voz de anxo e non ver o teu rostro branco de luz. El deixarás de atormentarme? O ben corre agora polas miñas veas... *Redención!*

(O eco destas palabras transportouse por todo o lugar, esnaquizando o mármore, esquecendo as negras fiestras coma ollos. As Sombras xa agarraban ao Demo, e as unllas deste nas súas carnes sufrían, tinguíndose as figuras de vermello, tecendo a dor nos seus corpos).

DEMO – Ferídeme, esnaquizádeme, xa é o mesmo! A vida escápame polas dedas e sinto febles os nocellos. Viles sodes, demo eu? Nin en soños! Chamáronme asasino e tinguírome as mans da cor da tristura dos mortos, do pranto dos adoecidos. Malditos,

malnacidos! Morrede! Cravade cruces nos meus ollos, espide as miñas culpas, aguillade a sede de vinganza dos caídos...

SOMBRAS – *(Ao unísono) Vimos por ti, servo da morte.*

DEMO – Morte, antiga amada... quen puidese agora sentir sobre si o seu pranto dourado escorregando polo meu corpo ruín, morte negra, morte pura...

VOZ – *Os ollos negros desfixéronse, tragándoo por completo... os ollos do mundo choran por el, na fin.*

DEMO – Quen puidera... *(O corpo do Demo dobrouse e caeu coma esnaquizado no chan, coma un boneco de trapo. Levou as mans aos ollos, alzando as afiadas unllas cara a arriba).*

DEMO – Adeus Voz amada, no fondo, ambos eramos o mesmo... só palabras gravadas nas lousas do tempo.

MARÍA DÍAZ SERANTES, 1º D BAC